

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN (PRIVADA) AUTONÓMICA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada autonómica de RÉXIME XERAL PARA ALUGUER, núm. C09-AX-0073/10, presentada pola entidade SOCIEDAD DE GESTION DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA, S.A. (SAREB).

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en diante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de RÉXIME XERAL núm C09-AX-0073/10

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

R/ VAZQUEZ DE PARGA, 156 - CARBALLO

Forma de acceso: Aluguer

Estado de execución: Obra rematada

Número e tipoloxía das vivendas: 9 vivendas da quenda Xeral en réxime de aluguer, con 1 garaxe e 1 rocho vinculados a cada unha delas e coas superficies que seguen:

3 de 87,15 m², 1 de 88,15 m², 1 de 91,70 m², 1 de 79,84 m², 1 de 82,02 m², 1 de 85,35 m² e 1 de 75,35 m²

Prezo de aluguer: Entre 315 e 345 € mensuais

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos e anotados no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010. Non se admitiran solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de promoción autonómica non resolto no que o interesado figurase como reserva (de conformidade co artº 39.2 do Decreto 1/2010)

Asinado electronicamente na Coruña



ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dña. _____ con D.N.I. num _____,
Inscrito/a no rexistro de demandantes de vivenda protexida co número de credencial _____,
tfno. de contacto _____, á vista da apertura do procedemento de selección de
adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción
privada de RÉXIME XERAL número C09-AX-0073/10, promovido por SOCIEDAD DE
GESTION DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA, S.A.
(SAREB), sito en R/ VAZQUEZ DE PARGA, 156, concello de Carballo, na modalidade de
Aluguer,

EXPÓN

1º Que, interesado/a nas vivendas protexidas da devandita promoción, solicita a inclusión no
procedemento para a súa adxudicación, nas quenda/s que de seguido se especifica:

Xeral

2º Que, no caso de resultar adxudicatario/a, autoriza ao IGVS a facilitar os seus datos
persoais á empresa promotora, para os exclusivos efectos de realizar a comunicación
prevista no artigo 38.2 do Decreto 1/2010 para a formalización da compravenda.

_____, ____ de _____ de 201__

Sr Xefe Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

R/ Vicente Ferrer, 2 - 15008 A Coruña